



PROGRAMACIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO CPI ARQUITECTO PALACIOS (PANXÓN- NIGRÁN). CURSO 2024-25.

Compoñentes:

Representantes do profesorado:	Marina Vidal Conde Ramón López Fernández Pablo Fernández Bello. María Carballo Gómez
Coordinadora:	M ^a do Carme Vilar Díaz
Representante do persoal non docente:	Patricia Míguez Espiñeira.
Representantes do alumnado:	Marieta Colmeiro Tato (1º ESO), Pablo Taboada De Zúñiga Castro (2º ESO) e Arturo Collazo Dias (3º ESO)

Horario de reunión:

- Os martes de 16:00 a 18:00 horas.

Obxectivos:

- Fomentar o uso da lingua galega na comunidade educativa.
- Implicar máis ó alumnado, ó profesorado e ás familias nas actividades que organice o EDLG.
- Facer que as actas e documentos oficiais do centro estean en galego.
- Organizar actividades de coordinación cos EDLG dos centros máis próximos e co concello de Nigrán.

Temporalización	Actividades
1º trimestre do curso	
Meses de outubro e novembro:	<ul style="list-style-type: none"> . Selección das tres mellores máscaras para o Concurso de Máscaras Terroríficas do Samaín. Concurso organizado pola Biblioteca coa que colabora o EDLG. . Concurso de cabazas (premio para a máis orixinal, para a máis traballada e para a que meta máis medo). . Selección dos mellores textos presentados ó Concurso de debuxos e textos sobre o outono. . Selección dos mellores textos presentados ó Concurso de relatos de terror. Concurso organizado pola Biblioteca coa que colabora o EDLG. . Concurso de postres feitos con



	<p>froitos e/ou froitas do outono. Exporanse e degustaranse o postres no magosto que haberá o 30 de outubro a partir das 12:00 horas, ó que asistirán as familias. . Participación no Concurso de relato oral “Tíralle da lingua”, organizado pola AS-PG.</p>
Decembro.	<p>. Concurso de debuxos e textos para a tarxeta de Nadal. Así mesmo farase o VIII Concurso de Cartas ao Apalpador, en Educación Primaria.</p>
Xaneiro.	<p>. Concurso de textos e/ou manifestos pola Paz para antes do 30 de xaneiro. Informarase sobre a orixe dese día, sobre a historia dos Nobeis da Paz e sobre algúns textos da Literatura Galega sobre ela. . Concurso de marcapáxinas con debuxos e poemas e/ou mensaxes sobre a Paz. . Panxón-Nobel, en Educación Primaria: Premio ó/á mellor alumno/-a de cada clase (ó/á máis bondadoso/-a, ó/á mellor compañeiro/-a, ó/á máis solidario/-a).</p>
Celebración do Entroido.	<p>. Concurso de Coplas do Entroido. . Participación na Comparsa do Entroido sobre a Ciencia e a vida saudable, tema do proxecto PLAMBE neste curso.</p>
Do 10 ó 14 de febreiro. Celebración do Día dos namorados.	<p>Concurso de cartas de amor e amizade para celebrar o Día dos Namorados.</p>
Día Mundial da Radio, 13 de febreiro	<p>. Elaboración dun programa radiofónico para a celebración deste día.</p>
Día de Rosalía, 23 de febreiro.	<p>. Conmemoración do nacemento de Rosalía de Castro lembrando a súa vida e obra, escoitando e recitando os seus poemas máis coñecidos. Facer rosas vermellas de papel con versos dela. Plantar pensamentos, a flor preferida de Rosalía de Castro, no horto</p>



	ecolóxico.
Ata o 5 de marzo.	. Concurso videoliterario “Ollo con Nigrán”.
Semana do 21 de marzo	. Día da Poesía. Recital de poemas dos principais poetas e poetisas galegos/-as e tamén dos poemas que faga o alumnado.
En marzo, abril e maio	. “VI Certame de micropoemas Beatriz da Serra” , organizado polo EDLG do noso colexio e os doutros centros do Val Miñor.
Día do Libro, 23 de abril.	. Charla dun escritor ou escritora, aínda sen determinar, que fale da súa obra ó alumnado. Previamente lerán algún dos seus libros. . Concurso de marcapáxinas con citas dos principais escritores /-as galegos/-as. . <i>Todo o alumnado verá un documental sobre a vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez, escritor ó que se lle dedica a Biblioteca do noso colexio. O documental foi feito polo seu fillo, tamén escritor, Alfonso Álvarez Cáccamo.</i>
1ª semana de maio.	Exposición de dous maíos, un feito polo alumnado de 6º de EP, e outro polo de 4º da ESO. Cada un representará ó alumnado de cada etapa educativa. Concurso de Coplas dos Maíos.
Semana das Letras Galegas	Homenaxe ás pandereteiras de Mens e a todas as pandereteiras galegas, que serán homenaxeadas o Día das Letras Galegas do 17 de maio de 2025. Haberá unha actuación do grupo de pandereteiras do Casco Vello de Vigo, Ferreñas da Oliveira. O alumnado fara traballos sobre os cantos populares e a literatura oral popular.
- Durante todo o curso.	- Obradoiro de teatro. - Radio escolar (os últimos venres de cada mes) - <i>Elaboración do blogue do EDLG onde se recollan</i>



	<p><i>tódalas actividades feitas durante o curso.</i></p> <ul style="list-style-type: none">- <i>Elaboración da revista do EDLG, “Axiordo” (poñerase na páxina web do colexio a final de curso e imprimiranse dous exemplares).</i>
--	---